



Alberto Núñez Feijóo.

Presidente da Xunta de GALIZA.

A relación de Vde. co persoal do SERGAS sempre foi unha relación de discriminación salarial e de condicións de traballo, mentres apostaba por subas salariais e acordos noutros ámbitos da Administración Pública.

A súa batalla contra o persoal do SERGAS iniciouna no ano 91 cando desempeñaba o posto de Secretario Xeral da Consellaría de Sanidade. Só durante a súa ausencia na Xunta de Galiza o persoal do SERGAS puido recuperar parte do seu salario, até que Vde. volveu de novo á Xunta de Galiza cos seus recortes.

Agora reclama, ao goberno do Estado Español, que recoñeza a labor das/os traballadoras/es da sanidade pública durante a pandemia, eliminando o recoñecemento que as/os profesionais deben ter os 365 días do ano. Iso si, pide que os demais fagan o que Vde. non fai.

Se quere facer un recoñecemento real ao persoal do SERGAS, empece por devolverlle os salarios roubados desde o ano 2010, deixe de ter secuestrado o acordo retributivo; ese que cualificaban como inmerecido.

Siga cumprindo o acordo 2008-2012, que recolle o compromiso dunha nova negociación no ano 2013, para acadar a contía que a Orde de nóminas da Xunta de Galiza recoñece para as empregadas/os públicos.

Ese que vostede anulou no ano 1991, e aínda non tivo tempo de restituílo. Ese complemento específico que recoñece a responsabilidade, a formación, a perigosidade e a dedicación. Conceptos que para Vde na sanidade pública non teñen o mesmo valor que no resto da Administración.

Xuntamos a este escrito, uns cadros coa discriminación salarial do persoal do SERGAS, agardamos que nos indique cando vai deixar de discriminar ao persoal, e cando se vai a iniciar a recuperación salarial; este é o recoñecemento que por dereito lle corresponde ao persoal do SERGAS.

Agardamos a súa resposta.

Compostela, 18 de xuño de 2020.

Asdo: M^ª Xosé Abuín Álvarez

Secretaria Nacional CIG-SAÚDE

Miguel F. Caaveiro, 10
15703 Santiago

Tfnos: 981 552826
981 564300
662 312958
Fax: 981 571082

Correo-e:
secretarianacional@cig-saude.gal
organizacion@cig-saude.gal

saudelaboral@cig-saude.gal

Web:
www.cig-saude.gal

Sr Feijóo, nestes cadros pode ver como foi, e segue a ser, a súa relación co persoal do SERGAS.

Estes son os seus “DECRETOS “	
<p>Ano 1991 Secretario Xeral da Consellería de Sanidade.</p> <p>... Mentres pasea en iate con Marcial Dorado.</p>	<p>Impide que as/os traballadoras/es do SERGAS teñamos a mesma retribución no complemento específico que o resto do persoal da Xunta de Galiza.</p> <p>DOG 24 de xaneiro de 1992.</p>
<p>Ano 2009 Presidente da Xunta.</p>	<p>Conxela os acordos salariais 2008/12, a Carreira Profesional, e o Plan Mellora de Atención Primaria.</p>

ALGÚNS DOS ACORDOS ASINADOS NA MESA SECTORIAL DO SERGAS NA SÚA AUSENCIA.	
22 de febreiro do 2001	Acordo de concertación social
Novembro do 2003	Acordo de melloras retributivas do persoal do SERGAS
Atención Primaria 2005/2008	<p>Acordo de condicións de traballo e retributivas do novo modelo de atención primaria.</p> <p>Plan de Mellora de Atención primaria.</p> <p>Acordo sobre a ordenación e retribucións no ámbito da atención primaria.</p>
Abril do 2007	Acordo de condicións de traballo e retributivas de Médicas/os de Urgencias Hospitalarias
Decembro do 2008	Acordo de mellora retributivas do persoal do SERGAS

Miguel F. Caaveiro, 10
15703 Santiago

Tfnos: 981 552826
981 564300
662 312958
Fax: 981 571082

Correo-e:
secretarianacional@cig-saude.gal
organizacion@cig-saude.gal

saudelaboral@cig-saude.gal

Web:
www.cig-saude.gal